

¡NON O SEI!

Sin millo o cabozo,

E o leito sin lairas,

Sin cartos a hucha,

E a corte sin rés...

¿Qué agardan os probes,

Que a fouce no abranguen,

Ea súa, ben feita,

Non fan dunha vez!...

Se calan, nin coiro

Lles deixan os fartos;

Se piden xusticia,

Non o ouza ninguén...

¿Qué agardan os probes,

Que a fouce no abranguen,

E a súa, ben feita,

Non fan dunha vez!...

Sabendo que o mundo

No é foro de nada,

E en todo pra todos

Quiñón debe haber,

¿Qué agardan os probes,

Que a fouce no abranguen;

E a súa, ben feita,

Non fan dunha vez!...

Manuel Leiras Pulpeiro: poema incluído no volume publicado no ano 1930 pola Editorial Nós co título *Obras completas Tomo I (Poesías)* (en edición de Vigo, Editorial Galaxia e Fundación Penzol, 1970, con estudo crítico de X. L. Franco Grande)